



BOP Nº 64 -18 de Marzo de 2000.

Regulamento para o funcionamento das instalacións Culturais do Concello das Pontes de García Rodríguez.

Limiar.

O Concello das Pontes de García Rodríguez pon a disposición dos usuarios unha serie de infraestruturas e equipamentos culturais que se conciben como instrumentos para facilitar e fomentar a participación cidadá na vida cultural e social da vila.

De cara a garantir a efectividade e eficacia destes espazos é necesario dotalos dun marco organizativo que facilite o acceso en igualdade de condicións e que favoreza a coordinación e a implicación de tódolos axentes.

Artigo 1.-Obxectivos do regulamento.

- 1.º .-Dota-las infraestruturas culturais de normas estables de funcionamento, democráticas, transparentes e ecuánimes.
- 2.º .-Impulsar canles de participación.
- 3.º .-Coordinar as distintas iniciativas, ben sexan promovidas pola Administración, Entidades, ou persoas físicas.
- 4.º .-Calquera outra que determine o pleno ou órgano competente.

Artigo 2.-Instalacións e equipamentos que se ofrecen.

- 1.º .-Casa Dopeso, as diversas dependencias.
- 2.º .-Cine Alovi.
- 3.º .-Sala de Exposicións do Mercado Vello.
- 4.º .- Calquera outra que decida o Pleno do Concello ou órgano competente. (Instalacións colexios en horario extraescolar: v. gr.).

Artigo 3.-Tipos de cesión.

A/De espacio

Establécense tres tipos de cesión de espazos:

- 1.º .-Cesión anual extraordinaria: Farase unha cesión extraordinaria a aquelas persoas físicas ou Entidades que empreguen un equipamento nun horario determinado durante todo o ano pero que precisen dispoñer do acceso ó mesmo en calquera momento, ben polo almacenamento de materiais pesados e/ou delicados, ben por calquera outra causa. Este tipo de cesión deberá ser aprobada polo Pleno do Concello.
- 2.º .-Cesión anual ordinaria: Para aquelas persoas e/ou entidades que utilicen sistematicamente unha instalación nun horario determinado durante todo o ano. Os aspirantes a este tipo de cesión deberán presentar solicitude ante o Concello no período establecido por este para cada anualidade.



3.º.-Cesión puntual: cesión por un máximo de un mes dunha infraestrutura e/ou equipamento. Deberá ser solicitado cun mínimo de 4 días de antelación.

Non se permiten cesións de espazos con carácter exclusivo por tempo indefinido nin superior a 1 mes.

B) De material.

Permítese tamén, a cesión de material para uso en instalacións non dependentes do Concello. Non se cederá nestas condicións aquel material que non poida ser trasladado sen que exista perigo de deterioro, nin aquel que precise de persoal cualificado para o seu uso. Estes últimos poderán cederse en casos extraordinarios sempre que se acrediten coñecementos sobre o manexo do material solicitado.

Artigo 4.-Da solicitude.

Para obter a cesión de infraestructuras e/ou equipamentos deberase seguir unha serie de trámites e cumprir unha serie de requisitos:

1.-Para a cesión anual extraordinaria, deberase facer solicitude ante a Alcaldía con tempo suficiente de antelación para que a cesión sexa aprobada polo Pleno do Concello. O solicitante deberá incluír na instancia os motivos polos que considera que precisa dunha cesión anual extraordinaria, e os horarios regulares de uso do equipamento.

2.-Para a cesión anual ordinaria; deberase solicitar no período establecido polo Concello para que a solicitude sexa aprobada pola Comisión de Goberno do Concello. Deberase especificar o motivo polo que se precisa deste tipo de cesión e os horarios regulares de uso.

Tamén será necesario, en ámbolos dous casos, solicitar alomenos con seis días hábiles de antelación as modificacións puntuais de horario, tendo que obter a devandita confirmación de cambio por parte do Concello, para facelo efectivo.

De cara a garantir condicións de igualdade, poderase establecer un prazo para que tódolos aspirantes a este tipo de cesión realicen as súas solicitudes.

3.-Para a cesión puntual ou cesión de material deberase solicitar alomenos con seis días hábiles de antelación, indicando na solicitude: o uso que se vai dar ó material solicitado, a/as data/as e/ou os horarios nos que se solicita

Artigo 5.-Criterios a utilizar para a cesión.

As cesións realizaranse por orde de entrada no rexistro do Concello, sempre que os solicitantes reúnan os requisitos expostos neste regulamento e non teñan incumprida noutras ocasións a normativa aquí exposta.

De existir exceso ou duplicidade de solicitudes, atenderase ós seguintes criterios:

O Concello cederá sempre equipamento que considere máis oportuno, tendo en conta as necesidades do solicitante e a dispoñibilidade dos equipamentos e do persoal.

Os actos, reunións ou programación do Concello terán prioridade sobre calquera outro.



Os actos públicos terán prioridade sobre os de carácter interno. En calquera caso terán prioridade absoluta os actos que se celebren co gallo das campañas electorais ó abeiro da lexislación electoral e consonte ó disposto pola Xunta Electoral competente.

Tamén serán tidos en conta a natureza da actividade que se pretende organizar e o número de afectados.

Estes criterios tamén poden ser utilizados para realizar cambios de locais. No caso de concesións anuais o Concello poderá variar infraestrutura, tanto con carácter puntual como definitivo, sempre que así o requira a demanda existente no momento, e lle sexa comunicado con seis días hábiles de antelación.

Artigo 6.-Condicións da cesión

As infraestructuras e/ou equipamentos que se ceden son bens de dominio público adscritos a un servizo público determinado, polo que só poderán utilizarse para actividades concordantes coa natureza do ben de que se trate.

Poden facer uso deles, servizos públicos, entidades, grupos, ou persoas físicas sempre que a actividade para a que se solicita o local careza de ánimo de lucro e se cumpran tódalas normas establecidas neste regulamento.

En tódolos casos designarase unha persoa que se fará responsable do bo uso do cedido. Este terá a obriga de deixar o material e/ou infraestrutura utilizado nas mesmas condicións nas que lle foi cedido. En caso de desperfectos debido á utilización incorrecta do material ou infraestrutura, o Concello reclamará ó responsable o aboamento dos custos de reparación. O responsable, tamén deberá velar polo cumprimento da normativa do centro.

En caso de que sexa un menor ou grupo de menores os que queiran realizar calquera actividade, deberán contar cun adulto que presente aprobación e, será este o que se responsabilice do bo uso do cedido.

A responsabilidade civil sobre as actividades que se realicen nos centros culturais recae sobre o solicitante (persoa ou entidade).

O concesionario terá dereito á utilización da infraestrutura pero non ó persoal que atenda a actividade, nin ó material funxible ou non específico desa actividade.

Está prohibido fumar e/ou inxerir ningún tipo de substancia en calquera dos locais adscritos ó Departamento de Cultura, excepto naqueles espazos que así se especifique.

Non se poderán realizar actividades molestas e/ou que impidan ó resto dos usuarios realizar ou atender ás que lle son propias á instalación.

Non se permiten realizar actividades que entrañen algún tipo de perigo para as persoas ou as estruturas da instalación.

O concesionario farase responsable dos materiais que se deixen (gardados e/ou expostos) nas instalacións no caso de cesión anuais e/ou no caso de cesións en exclusiva temporal para calquera espazo.

O concesionario terá que acatar a normativa xeral dos centros. O incumprimento da normativa exposta neste documento, implica o abandono inmediato do local por parte do infractor e imposibilidade de volver a obter a cesión de ningunha das infraestructuras e/ou equipamentos adscritos ó servizo de Cultura no caso de que se trate dunha cesión.



Artigo 7.-Horarios.

Os horarios habituais nos que se poden solicitar as infraestructuras son:

De luns a venres: de 9 a 14 h. e de 17 a 22 h.

Sábados: de 10 a 14 h. e de 16 a 21 h.

Poderase modificar este horario durante a época estival, con motivo do descanso do persoal.

Considéranse horarios de cesión extraordinario tódolos que non sexan ordinarios e os domingos e festivos.

Disposición derogatoria.-Quedan sen efecto tódalas disposicións reguladoras desta materia dictadas con anterioridade á aprobación do presente regulamento.

As Pontes de García Rodríguez, 1 de marzo de 2000.

O alcalde, Víctor Guerreiro Pena.